



A eliminación dos agasallos que viñan recibindo os deputados e o persoal da Cámara, as ceas navideñas ou as tarxetas de felicitación, permitirá aforrar preto de 100.000 euros

O Parlamento de Galicia afonda no plan de austeridade e suprime os agasallos de Nadal

- A Cámara habilita excepcionalmente unha partida de axudas a institucións, asociacións e ONG con comedores sociais, como mostra de solidariedade da primeira institución de Galicia
- Os recortes enmárcanse no plan de austeridade comprometido por Rojo ao inicio da actual lexislatura, cunha especial incidencia en materia de atencións protocolarias e propaganda

Santiago, 4 de decembro de 2009.- Nin agasallos, nin ceas, nin tarxetas de felicitación. A austeridade chega ao Parlamento de Galicia tamén no Nadal, no marco das medidas de austeridade e racionalización do gasto de diñeiro público impulsadas por Pilar Rojo desde a súa chegada á Presidencia da Cámara.

Deste xeito, o Parlamento confirma a decisión de anular os agasallos que recibían os deputados e o persoal da Cámara nestas datas, e súmase á determinación de non enviar regalo algún a outras institucións, e mesmo ao feito de non mercar tarxetas de felicitación, entre outros recortes que, no seu conxunto, permitirán aforrar preto de 100.000 euros.

As felicitacións, por e-mail

Como exemplo da viabilidade destes recortes, Pilar Rojo recorda que todos os deputados dispoñen de tarxetas persoais se queren enviar algunha felicitación, pero tamén poden facelo a través do correo electrónico, de xeito completamente gratuíto.

A supresión dos agasallos navideños enmárcase na política de contención do gasto promovida pola presidenta do Parlamento desde o inicio da actual lexislatura e que derivou na implantación dun plan de austeridade para reducir os gastos do Parlamento en 1,7 millóns de euros no exercicio en curso, pero que ten vocación de continuidade nos sucesivos orzamentos da Cámara.

Este aforro de 1,7 millóns de euros conséguese mediante a supresión de partidas que Rojo Noguera considera prescindibles, como as previstas para a realización de algunhas obras no edificio do Pazo do Hórreo, o que permitirá un aforro, só neste concepto, de 800.000 euros. Neste apartado, manteranse unicamente os gastos imprescindibles para o mantemento do edificio, así como unha pequena actuación encamiñada a crear o espazo necesario para o arquivo documental da Cámara lexislativa, que se vai potenciar.

Rematan as actividades sociais itinerantes

Outro apartado que sofre un recorte drástico, de 300.000 euros, é o de actos sociais (exposicións itinerantes, actuacións, etc).

Séguenlle recortes de presuposto en practicamente todos os programas de gasto da Administración parlamentaria, pero cunha especial incidencia en apartados como maquinaria, mobiliario, atencións protocolarias, publicidade e propaganda, estudos e traballos técnicos ou fondos artísticos.

Circular interna

A presidenta da Cámara, Pilar Rojo Noguera, enviou unha circular interna ao persoal do Parlamento na que lles traslada a decisión de suprimir as cestas de Nadal que viñan recibindo, ata o de agora, nestas datas.

Axudas a comedores sociais

Rojo Noguera anuncia tamén a decisión de habilitar unha partida excepcional de axudas a institucións, asociacións e ONG que contan con comedores sociais en Galicia e que prestan asistencia a un crecente volume de persoas e familias, as máis afectadas pola crise económica.

O Parlamento de Galicia distribuirá estas axudas seguindo criterios de equidade, entre os diferentes comedores sociais que funcionan na Comunidade Autónoma de Galicia e que, día a día, se enfrontan a serias dificultades económicas como consecuencia do elevado número de persoas ás que ofrecen alimentos.

Pilar Rojo considera que a Cámara autonómica ten que ser a primeira institución en dar exemplo de austeridade e tamén de solidariedade en momentos como os actuais.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia